

## IBEROJAZZ A CORUÑA 2008. PUNTO DE ENCONTRO DAS CULTURAS IBÉRICAS

Comeza un novo ano cunha nova edición do Ibero jazz, a terceira do seu periplo, asomándose ao nacemento do ano 2008 na cidade da Coruña; cidade que desde tempos históricos, propicia os encontros culturais en todas as súas formas e diversidade.

Para esta terceira edición, era imprescindible facer un balance histórico do que foi e é o jazz en España desde as súas orixes, polo que a organización e a dirección artística deste festival, acordou dedicar a presente convocatoria aos 60 anos de historia do jazz en España. Para iso, e servindo de preludio deste, contarase coa presenza dunha lenda viva do jazz na península, o singular e polifacético saxofonista **Pedro Iturralde**, pioneiro da famosa corrente flamenco-jazz, e que co seu cuarteto habitual, presentará o traballo discográfico *Etnofonías*, título que lle dá a obra adicada ao Camiño de Santiago, que poderemos gozar no emblemático Teatro Rosalía de Castro o día 4 de xaneiro.

Como cada ano, o festival situarase en diferentes espazos da cidade e contará como principal centro para o desenvolvemento dos concertos co Auditorio do Fórum Metropolitano, no que se realizarán catro dos nove acadados para esta convocatoria.

Concertos como a homenaxe a Tete Montoliu, da man do contrabaixista **Horacio Fumero**, acompañante de Tete ao longo de dezaseis anos, acompañado polo pianista catalán Albert Bover, herdeiro da tradición musical de Tete e o baterista David Xirgu, os tres creadores dos seus propios traballos discográficos. A presentación do primeiro traballo discográfico, Soños e delirios, da percusionista-baterista viguesa **Lucía Martínez**, acompañada dun escollido grupo de músicos mozos portugueses. O compositor e guitarrista coruñés **Pepe Evangelista**, que fará a estrea do seu novo disco co título de *Teima*, en formación de cuarteto, na que estará acompañado por tres importantes músicos da escena galega, o saxofonista Roberto Somoza, o baixista Kin García e o baterista Miguel Cabana, e a voz de Belén Xestal como artista convidada; daranse cita no escenario do Fórum Metropolitano os días 17, 10 e 31 de xaneiro, respectivamente.

O cuarto concerto programado no Fórum para o día 18 reúne, sen dúbida, todos os ingredientes da filosofía do Ibero jazz. Trátase este ano por vez primeira, de levar a cabo intercambios musicais entre alumnos de diferentes escolas superiores de Música de España e Portugal. Para tal ocasión, Galicia e Euskadi, a través de acordos entre as correspondentes consellerías de Educación, Conservatorio Superior de Música da Coruña - Departamento de Jazz (**Cosmac**), Centro Superior de Música do País Vasco - Departamento de Jazz (**Musikene**) e a organización do festival, comprácese en convidar ó público a gozar dunha sesión de jazz en que participarán un combo seleccionado de cada un dos citados centros musicais. Este concerto de entrada libre, abrirá, sen dúbida, un novo punto de referencia dos encontros entre a gran diversidade das culturas ibéricas actuais.

**JAM SESSIONS** \_ Os clásicos clubs de jazz da cidade contarán con catro actuacións. A estos espazos témoslle que agradecer o mantemento e o crecemento desta música ao longo dos 25 últimos anos; o lexendario **Filloa**, en que poderemos escoitar por primeira vez na Coruña o día 17 de xaneiro a un dos lexendarios grupos de jazz galego, pioneiro do jazz ourensán, **Abuña Jazz**, que lembrará nomes asociados ao grupo xa desaparecidos coma Salvador Sala, Suso González e a recentemente desaparecida vocalista-pedagoga norteamericana Sally Albaugh. Xunto co veterano baterista-percusionista cubano **Calixto Oviedo's**, acompañante de músicos como Rubén González, Arturo Sandoval, cofundador da orquestra "Adalberto y su Son" e líder do grupo "Calixto Oviedo y su Recompensa", que actuará acompañado por músicos cubanos residentes na cidade da Coruña, como o trompetista Hansel Luis e o pianista Sergio Delgado. O grupo vigués **Vi-Gop Quartet**, que presentará seu primeiro traballo discográfico *Live*, gravado en directo cunha selección de composicións do pianista Antonio López (Monano) unha das novas promesas do jazz galego, que xunto cos seus compañeiros conforma un grupo compacto, para encher de jazz-bop galego, a noite do 24 de xaneiro no **Garufa**. Xa para dar remate a esta edición do Ibero jazz, e no **Jazz Vides**, teremos a oportunidade de escoitar a un veterano do Jazz da escena galega e da Coruña, o baixista Quique Alvarado, que estreará un proxecto novo, **Clifford 8**, para esta terceira edición do Ibero jazz en formación de octeto con tres vocalistas, dous metais e trío de ritmo. ¡Que o gocedes!...

**Alberto Conde**, director artístico do Ibero jazz

### VENDA DE ENTRADAS:

**BILLETEIRA PRAZA DE OURENSE:**  
de luns a venres (excepto festivos),  
de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 19.30 h.

**BILLETEIRA TEATRO ROSALÍA:**  
só os días de función, de 12 a 14 e de 18 a 20.30 h.

**BILLETEIRA DO FORUM:**  
só os días de función,  
desde unha hora antes do inicio da función.

**TELEVENDA:**  
902 504 500 – [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es)

**PEDRO ITURRALDE** \_ O jazz que nace do saxofón de Pedro Iturralde (Falces, Navarra) creou escola. Nos anos sesenta, a súa música queda impregnada pola alma andaluza e nace o jazz-flamenco, unha fusión de raíces que resultou venerada e frutífera. A súa loita por lle dar ao jazz un estatus de primeira división foi constante, desde as aulas e desde os escenarios.

Nas súas composicións, Iturralde decidiu marcar o "espírito de Andalucía" e deulle un protagonismo inusitado á guitarra flamenca, que toma forma no seu álbum *Flamenco Jazz* (1967). O seu coñecemento exhaustivo da música clásica levouno tamén a interpretar gran parte do repertorio orquestral para saxofón. Destaca como instrumentista de prestixiosos músicos e compositor de bandas sonoras de películas.

Foi catedrático do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid até que se xubilou en 1994. A súa obra *324 escalas para la improvisación de Jazz* recibiu o Premio do Ministerio de Cultura á edición máis destacada na contribución á pedagogía (1990). Foi merecedor do primeiro e segundo premio do Concurso Internacional de Composición de Temas de Jazz en Mónaco con *Like Coltrane* (1972) e *Toy* (1978), respectivamente. En 1992 recibiu o Premio da Comunidade de Madrid e en 2007 recibiu os premios *Premio a Toda una Vida* da Academia da Música 2007 e *Premio Príncipe de Viana da Cultura* 2007.

**Pedro Iturralde Quartet**  
**Pedro Iturralde**, saxos e clarinete  
**Mariano Diaz**, piano  
**Carlos Carli**, batería  
**Miguel Antel Chastang**, contrabaixo

**LUCÍA MARTÍNEZ** \_ Nacida en Vigo no 1982. Completou os seus estudos superiores de percusión clásica no Conservatorio Superior de Música de Vigo e o Octavo grado de percusión pola Guildhall School of London. No ámbito do jazz acadou o curso superior de batería-jazz, na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo en Oporto co profesor Michael Lauren.

Así mesmo mostra a súa gran solidez e versatilidade como multiinstrumentista (batería, percusión, vibráfono, zanfona) en diferentes estilos como o folk, a música latina, o flamenco, a música india, a música antiga, etc.

Como vibrafonista estudou con Jeffry Davis, Dave Samuels, David Friedman, Saverio Tasca, Arttu Tácalo y Svery Frysalo recibindo o premio a mellor intérprete e mellor grupo, no Festival San Luiz de Lisboa en 2007.

Pertenceu á Escola de Altos Estudios Musicais de Galicia e foi bolseiro do Programa Erasmus, ao abrigo do cual estudia en Finlandia no Institute Politecnico de Helsinki Stadia, composición, vibráfono, batería, música india e músicas do Mediterráneo.

Actualmente comenza un posgraduado na UdK, Universidade das Artes de Berlín, co profesor John Hollenbeck.

É líder do Lucía Martínez Cuarteto, onde ademais de tocar a batería, percusións e electrónica, realiza a labor de composición e arranxos. Proxecto que presentou no seu primeiro traballo.

**Lucía Martínez Cuarteto**  
**Lucía Martínez**, batería e composición  
**Pedro Neves**, piano  
**João Pedro Brandao**, saxo e frautas  
**Carl Minnemann**, contrabaixo

**HORACIO FUMERO** \_ Estudou no Conservatorio Municipal Manuel de Falla de Bos Aires e no Conservatoire Supérieur de Musique de Geneve (Suíza). Desde 1980 reside en España.

Integra durante case 20 anos o trío estable de Tete Montoliu. Con este trío ou como free lance acompaña as máis importantes figuras do jazz de xira por Europa, Freddie Hubbard, Johnny Griffin, Horace Parlan, Harry Sweets Edison, Lou Donaldson, etc. Participou en máis de 70 sesións discográficas con, entre outros, Charlie Mariano, Tete Montoliu, Bill Perkins, etc. Tamén ten ao seu nome tres CD, de recente edición, DesDeBarcelona (Karonte), Isoca (EMI Argentina) e Contrabajando (New Mood Records), todos con excelente acollida por parte da prensa especializada.

Actúa como solista coa Orquestra Nacional de España (ONE), coa Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Granada e coa Orquestra de Barcelona i Nacional de Catalunya (ONC).

É profesor da Escola Superior de Música de Catalunya e do Conservatorio Superior do Liceu de Barcelona.

**Horacio Fumero Trío**  
**Horacio Fumero**, contrabaixo  
**Albert Bover**, piano  
**David Xirgu**, batería

**PEPE EVANGELISTA** \_ Realizou os seus estudos no Conservatorio Superior da Coruña. Obtivo o Premio de Honra en contrapunto e fuga, que foi o primeiro que se concedeu nos conservatorios de Galicia.

Realizou un amplo labor de concertos como solista, en formacións de cámara e como acompañante. Foi autor dun catálogo variado de composicións, entre as que destacan as dedicadas á guitarra. Considérase pertencente á primeira xeración do jazz galego, en que desenvolve unha ampla actividade. Introduciu o jazz no ensino nos conservatorios de Galicia. Foi o fundador e director da Big-band do Conservatorio da Coruña, coa que acompañou a George Coleman, e da Xove Big-band do mesmo centro. O Pepe Evangelista Cuarteto amosa, a través das composicións de Pepe Evangelista, un percorrido polo jazz universal, o jazz europeo e o Jazz Galego de raigame. *Teima*, o seu traballo discográfico, é o punto de reflexión que suma a individualidade de cada un dos músicos, facendo un todo indivisible.

**Pepe Evangelista Cuarteto**  
**Pepe Evangelista**, guitarras  
**Roberto Somoza**, saxo  
**Kin García**, contrabaixo  
**Miguel Cabana**, batería  
**Belén Xestal**, artista convidada e voz

2008 **iberojazz**

2008 **xaneiro**  
**cultural**  
na Coruña

Valdarenes - C 0000-07